

INFORMACIÓN AOS GANDEIROS SOBRE OS NOVOS CROTAIS ELECTRÓNICOS EN GANDO BOVINO

A normativa legal de identificación do gando bovino cambiou recentemente, de xeito que todos os animais bovinos **nados a partir do 1 de xullo de 2025**, deben identificarse cun novo sistema de identificación electrónica. Por este motivo, nas Oficinas Rurais xa se están entregando os novos crotais electrónicos ás persoas gandeiras.


A partir desa data, a identificación correcta dos animais consistirá na colocación de dous crotais, un en cada unha das orellas do animal:

- **un crotal non electrónico:** que é exactamente igual aos que se viñan usando ata agora. Tense que colocar na **na orella dereita**.

- **un crotal electrónico:** que se coloca **na orella esquerda** do animal. A parte superior deste crotal é máis ancha porque contén no seu interior o chip electrónico que pode ser lido e rexistrado por un lector.

**CROTAL NON
ELECTRÓNICO**

orella **dereita**




**CROTAL
ELECTRÓNICO**

orella **esquerda**





Recomendacións para unha correcta colocación dos crotais:

- Serven os aplicadores (crotaleiras/tenazas) que se viñan usando ata o de agora, pero para que se poida aplicar o crotal electrónico, debe retirárselle á crotalera o adaptador para os crotais non electrónicos (peza azul na foto), para que se poida colocar o crotal electrónico (que é mais ancho na parte superior).



- Os crotais (electrónico ou non electrónico) débense colocar na parte central da orella.



- No crotal electrónico, a parte femia que leva o chip electrónico, débese colocar na cara anterior da orella, de xeito que esta parte electrónica do crotal sexa a que se vexa se nos colocamos fronte ao animal.

